



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Aprobación provisional do padrón fiscal de vados e reserva de vía pública, ano 2021

EDICTO

Mediante resolución da Alcaldía do 12/05/2021 aprobouse inicialmente o padrón fiscal municipal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga correspondente ao ano 2021, co seguinte detalle:

– Padrón do ano 2021 (100 recibos por importe total de 8.429,00 €).

O padrón aprobado expónese ao público a efectos de reclamacións por espazo DUN MES, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non se presentaren reclamacións, a citada aprobación elevarase automaticamente a definitiva.

Esta exposición servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Fisterra, 13 de maio de 2021.

O alcalde-presidente

Asdo.: José Marcote Suárez

2021/4139